



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

EXPEDIENTE: 2025/E001/000004 SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO, DUN/HA TRABALLADOR/A SOCIAL. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) para o financiamento do POS+ Adicional 1/2025 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2025”.

Lista definitiva de admitidos e excluídos, nomeamento tribunal e fixación data valoración concurso.

ANTECEDENTES:

07.05.2025. Por Decreto da Alcaldía n.º 139/2025, aprobáronse as bases para a selección de persoal laboral temporal, mediante concurso, dun/ha traballador/a social a xornada completa durante 6 meses.

13.05.2025. Publicouse o anuncio da aprobación das bases e a convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña n.º 89, iniciándose ao día seguinte o período de dez (10) días naturais para a presentación de instancias (do 14.05.2024 ao 23.05.2024) [base 5 das bases da convocatoria].

26.05.2025 Por Decreto da Alcaldía n.º 166/2025 aprobouse a lista provisional de admitidos e excluídos ao o proceso de selección de persoal laboral temporal, mediante concurso, dun/ha traballador/a social a xornada completa durante 6 meses, publicando a resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello e na sede electrónica municipal, *outorgando un prazo de dous (2) días hábiles computados dende o día seguinte da súa publicación, no taboleiro de anuncios do concello, para que as persoas interesadas que o consideren oportuno procedan a emendar as deficiencias ou presentar as alegacións que estimen oportunas contra a citada lista provisional de admitidos. No caso de que no citado prazo non se presentasen reclamacións contra a lista provisional, ou non houbera ningún aspirante excluído, entenderase como definitiva.*

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local.

Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de emprego público de Galicia.

Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado.

Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

Decreto da Alcaldía n.º 139/2025, polo que se aprobaron as bases para a selección de persoal laboral temporal, mediante concurso, dun/ha traballador/a social a xornada completa durante 6 meses.

RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO. Aprobar a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso de selección de persoal laboral temporal, mediante concurso, dun/ha traballador/a social a xornada completa durante 6 meses.

PERSOAS ADMITIDAS

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN CELGA
Ferreiro Suárez Lorena	***4847**	SI
Gómez González Francisco Javier	***8633**	SI
Hinestrosa Macías Ilenia María	***6851**	SI
Montero López Yolanda	***0951**	SI
Rey Hermida Bibiana	***1228**	SI
Suárez Pan Patricia	***6714**	SI
Varela Ares Noa	***0966**	SI

PERSOAS EXCLUÍDAS

APELIDOS E NOME	DNI	CAUSA DE EXCLUSIÓN	ACREDITACIÓN CELGA
González Moreira Noelia	***5294**	1	SI

*** Causa 1: Non presenta Anexo I Modelo de solicitude.**

SEGUNDO. Nomear ao tribunal cualificador do proceso selectivo que terá a seguinte composición:

- Presidenta: Paz Gutiérrez Abella, funcionaria Traballadora Social do concello de Touro.
- Secretario: José López González, secretario-interventor do Concello de Touro.
- Vogal 1ª: Nieves González Mujico, funcionaria Educadora Social do Concello de Touro.
- Vogal 2ª: María Carmen Diéguez Faílde, Traballadora Social do Concello de Dozón.
- Vogal 3º: Dalmiro Méndez Núñez, secretario-interventor do Concello de Boqueixón.

TERCEIRO. Fixar a data para a primeira sesión do Tribunal (constitución e valoración de méritos) para o luns 2 de xuño de 2025 ás 8:30 horas.

CUARTO. Darlle conta desta resolución ao Pleno do Concello na primeira sesión ordinaria que teña lugar.

Manda e asina, o sr. alcalde, en Touro, na data da sinatura electrónica ao marxe, asinando eu, como secretario-interventor, aos efectos exclusivos de transcripción ao Libro de decretos como garantía da súa autenticidade e integridade e para dar cumprimento ao establecido no artigo 2.1 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, sobre os libros de actas e resolucións das entidades locais galegas.

José López González, secretario-interventor
Roberto Castro Rocamonde, alcalde-presidente